

Toponimia de Vilar de Infesta

Cora Represas



CONCELLO DE
REDONDELA

Impresión: Imprenta Amador Pérez.
Diseño e maquetación: David Rodríguez.
Edita: Concello de Redondela.

Dep. Legal: PO120-2022

O material toponímico da parroquia de Vilar de Infesta recolleuno a cooperativa redondelá Tres Pés.

Este libro publícase grazas á subvención dirixida aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2021, convocada pola Deputación de Pontevedra.



CONCELLO DE
REDONDELA



TOPONIMIA DE VILAR DE INFESTA



CORA REPRESAS

Prólogo

Galicia é un dos territorios con maior densidade toponímica de Europa. Este dato explícase pola orografía do terreo, o minifundismo e a súa dispersa ocupación humana.

A documentación da microtoponimia, como paso previo para a protección e conservación deste patrimonio inmaterial, é unha urxencia. Hai topónimos antiquísimos, con moitos séculos de existencia, que aínda viven na fala e toman forma na lingua galega.

Por esta causa, o Concello de Redondela deseñou un ambicioso proxecto para cumprir con este fin. Unha das liñas de actuación foi a recollida e publicación en formato libro da microtoponimia parroquia a parroquia. Este é o resultado.

O Concello de Redondela agradece o traballo dos axentes que participaron. Desexamos ter contribuído a salvagardar un anaco da nosa cultura e da nosa memoria popular.

Redondela, 2022

Orográficos

Banda

Segundo a Real Academia Galega o substantivo *banda* designa, entre outras acepcións, un territorio máis ou menos amplo situado á beira ou nas proximidades dun río, ría, accidente xeográfico etc.

No Catastro de Ensenada (1756) aparece como “*De Aquela Banda*” pertencente a unha propiedade domiciliaria. Amais, tamén se rexistra como un único lexema composto “*De Aquelabanda*” e mesmo con grafía “v”, “*De aquela Vanda*”, ambas en referencia a unha terra de labradío probablemente próximas a unha casa.

Cabaleiros, Os

O nome dos **Cabaleiros**, xa rexistrado no Catastro de Ensenada (1756) como terras de regadío, remítenos ao latín CABALLARUS (“aquele que pode ir á guerra en cabalo”). Polo tanto pode ser unha referencia á condición social do posuídor da terra.

Tampouco debemos descartar que se poida referir a unha propiedade dunha familia de apelido *Cabaleiro*, que é frecuente no municipio de Redondela e que nalgúns casos foi castelanizado na forma *Caballero*.

Cachadas, As

O nome das **Cachadas** provén do verbo *cachar* (en latín *CASCULARE*, “romper”). A súa orixe está relacionada coa necesidade, orixinada dende a Alta Idade Media, de aumentar as terras que eran destinadas ao cultivo. Deste xeito era necesario rozar ou cachar a vexetación dos montes e matorrais dando lugar ao topónimo **As Cachadas**.

Cachenas

Procede do adxectivo *cacheno*, *a* que questá relacionado con “cacho”. É dicir, *Cachena* designa unha terra incompleta, “que perdeu unha parte”.

No Catastro de Ensenada (1756) aparece *De Cachena* como unha devesa. No barrio da Millarada tamén se recolle o topónimo **A Couxada da Cachena**.

Cavadiñas, As

É unha forma do participio do verbo *cavar* (do latín *CAVARE*, que á súa vez deriva de *CAVUS*, “oco”). Con este nome désignase unha terra roturada; é dicir, un terreo gañado ao monte para o seu cultivo.

Os Pés da Cavadiña, dividido polo Camiño de Pedro Morto, no Catastro de Ensenada xa se recolle a segunda parte do topónimo, “*De Cavadiñas*”, pertencente a unha terra de labradío.

Así mesmo, tamén se menciona unha “Cavada da Vella” como monte e devesa que actualmente parece estar en desuso.

Campo, O

O substantivo *campo* (do latín *CAMPUS*) a miúdo designa na toponimia un espazo amplo de terreo máis ou menos plano, onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo.

En Vilar de Infesta distinguimos **O Campo** (pista do aeroporto), xa referenciado no Catastro de Ensenada como “*O Campo*” e descrito como terra de labradío de regadío. Tamén se referencia, no Camiño de Fixón, **Os Campos de Abaixo**, como “*Os campos de Abajo*”.

Así e todo, outros desapareceron como é o caso de “*Campo Grande*”, “*Campo do Rego*” ou “*Campo Grê*”.

Actualmente tamén se asenta o substantivo plural **Os Campos**, lindando co Cocho da Eira e Os Campo de Abaixo.

Cartas

No Catastro de Ensenada (1756) xa aparece rexistrado con este nome e como unha propiedade a monte.

O significado deste topónimo désignanos un terreo aforado polo cal se pagaría a cuarta parte do produto agrícola. Procede do latín QUARTA (“cuarta parte”).

En Galicia tamén se recolle este topónimo como parroquia nos concellos de Agolada, Cedeira, Curtis, Nigrán e Ribeira.

Cochos, Os

O substantivo *cocho* máis os seus derivados teñen moita presenza na toponimia galega sur-occidental. Ademais do comunmente coñecido *cocho* como sinónimo de *porco*, tamén garda relación co verbo *acochar* co significado de *abrigo*.

Agora ben, neste caso é probable que designe un anaco de terra con linde a un paso común tal e como na fala oral fan emprego do termo *cocho*. Na parroquia de Vilar de Infesta atopamos o plural **Os Cochos** (tamén coñecido como A da Cascalleira) que linda co aeroporto de Peinador pasando polo Camiño Fonte da Lata.

Por outra parte preséntanse os topónimos cualificados polo lugar en que se sitúan: **Os Cochos de Arriba** pegado ao Camiño do Fixon entre O Lugar e A Oliveira; **Os Cochos do Medio** que linda cos Cabaleiros e As Veigas do Campo; **O Cocho da Viña** que rodea o Camiño do Rubiás ao lado do Cocho da Eira.

No Catastro de Ensenada de 1756 tense referencia destes topónimos: “*Os Cochos de Arriba*”, “*Os Cochos do Medio*”, “*Cocho da Viña*” e “*Cocho da Eira*”, todos como terras de cultivo de regadío agás o “*Cocho da Viña*”. Ademais faise mención a “*Do Cocho*” (como unha devesa) e “*Do Cochiño*” que actualmente non teñen vivacidade.

Costa, A / Costaneira, A

A *costa* (do latín CŎSTA) refírese a un terreo en pendente ascendente, a miúdo referidos a camiños e vías.

En Vilar de Infesta son trece os topónimos que achamos. Todos eles, agás **A Costaneira** (que se forma mediante un lexema máis un sufixo derivativo), están constituídos polo substantivo *costa* (con morfema singular ou plural) e/ou un complemento de nome que identifica o lugar no que se atopa a costa.

O topónimo **A Costa** xa se menciona no Catastro de Ensenada de 1756 como “*Da Costa*”, unha propiedade e unha terra de labradío. Do mesmo xeito, **A Costa do Souto** e **As Costas** que se conforma dos microtopónimos: **A Costa Grande**, **A Costa de Abaixo**, **As Costas do Medio**, **A Costa do Mañoso**, **A Costa do Perriquito**, e **A Costa do Colexio** xunto co Socalco e A Esquina.

Por último, cabe destacar **A Costa de San Martiño** dende o río A Preira até o primeiro núcleo Dos Eidos.

Costeira, A

A Costeira (derivada do substantivo *costa*, “terreo en pendente”) está situada enriba da **Coutada da Carreira**. Neste caso, como se sitúa preto dunha levada pode referirse á proximidade con este.

Cotarelo / Cuturro, O

O substantivo *coto* (deriva da raíz prerromana *cott-*) designa tanto “unha elevación rochosa do terreo” como a “parte máis alta dun monte que ten forma cónica”. É un microtopónimo moi frecuente en toda Galiza.

De por parte, o substantivo *cotarelo* vén significar un “pequeno outeiro máis ou menos agudo”, formado a partir do sufixo diminutivo *-elo* mais un elemento intermedio *-ara-*. É un antigo diminutivo de *cótaro* “outeiriño agudo” que dá nome a dous topónimos en Vilar de Infesta como **O Cotarelo**.

É importante distinguir este topónimo desoutro *Couto*, referido ao terreo “acoutado e restrinxido”, tamén presente na toponimia galega.

No caso do **Cuturro** prodúcese un peche vocálico como acontece noutras formas.

Coutada, A

O substantivo *coutada* vén do verbo coutar, a partir de couto (en latín CAUTU, «protexer, defender, coidar»). Un couto é un territorio afectado por determinados dereitos de propiedade ou xurisdición. Por tanto, **A Coutada** refírese a parcelas do monte que foron privatizadas e adoitan lindar co monte comunal.

En Vilar de Infesta actualmente distinguimos en función da formación do topónimo: **A Coutada**, o lexema sen sufixos derivativos nin modificadores, situada no Camiño da Chousa ao lado do Eido de Arriba. Xa aparece no rexistro do Catastro de Ensenada en 1756 como terra de labradío seco.

Co emprego dun complemento do nome que indica a localización dos terreos: **Coutadas do Muíño do Medio** (no Catastro de Ensenada probablemente sexan as referenciadas como “*Coutadas do Medio*”), entre o Camiño do Carrascal e o Camiño Cadeláns. **As Coutadas de Abaixo** enriba do Lugar da Lagoa e sobre **A Coutada da Cachena**.

As Coutadas do Galleiro, situado á esquerda das Cartas, referencia o monte que se ergue sobre a parroquia. O Galleiro deriva do latín GALLEU (“rama, póla”) e pode referirse a “cada unha das partes que saen do toro das árbores ou das demais bifucarcións, nas que nacen follas, flores e froitos” ou “a póla ou pau bifucardo”. Pero tamén, por analogía, pode referirse á pedra fendida en dúas. Cremos que é posible que a orixe de Galleiro se refira a esta segunda opción.

A Coutada de Testas localizámola lindando cos Lagos. O segundo formante do topónimo *testas* procede do latín TESTA que designaba nos seus orixes cunchas e coirazas de animais que máis tarde pasaron a se aplicar a todo tipo de recipientes de barro. No latín vulgar pasou a designar o cranio na medida en que se asemellaba a un recipiente que contén o encéfalo. Do valor do cranio comeza a designar a cabeza e da metáfora de cabeza como un lugar alto, inicial ou principal do que emanan as demais cousas.

As Coutadas da Pedra referénciase no Catastro de Ensenada de 1756 como “*As Coutadas da Pena*” e localízase debaixo da Coutada da Carreira, estas últimas atopadas no lugar da Pena.

Cun complemento do nome que indica unha cualidade do terreo podemos achar **As Coutadas Novas** tamén na Pena, baixo as Peniñas.

E finalmente, cunha probable alusión aos donos das terras por medio dun alcume: **As Coutadas de Pichón** (á esquerda de Cadeláns) e **As Coutadas da Cachena** (á dereita do Monte da Costa).

No catastro de Ensenada de 1756 podíase distinguir os seguintes topónimos actualmente en desuso: “*Coutada da Grela*” (devesa), “*Coutada de Gré*”, “*Coutada do Crego*” (monte), “*Coutada do Souto*” (Labradío de Secano), “*Coutada Grande*” (monte), “*Coutadiña*” (Labradío Regadío).

Covas, As

O topónimo **Cova** máis os seus derivados proceden do latín CAVA, que evolucionou ao latín hispano como CÖVA, e remiten a unha concavidade orográfica do terreo.

Na parroquia de Vilar de Infesta sitúase **As Covas**, cun morfema plural, enriba das Cartas. Este topónimo xa se referencia no Catastro de Ensenada, pero con grafía “b” tanto “*De Cobas*” como “*Das Cobas*” en relación a uns montes.

Chan, A

O substantivo *chan* provén do latín PLANUM, PLANAM que no galego occidental deu nun mesmo resultado (*chan*) pero que no galego oriental se distingue (*chan, chá*).

Na toponimia galega atopámolo como un xenérico de uso común que vén denotar un terreo ou superficie sen desniveis.

En Vilar de Infesta atopamos: **A Chan da Cova** que linda coas Penas e Peniñas polo Camiño do Ulleiro. Así mesmo, pode facer referencia ao lugar dun propietario como é o caso da **Chan de Felipe**.

Chousa, A

O substantivo *chousa* procede do latín CLAUSUM, participio do

verbo CLAUDERE (“pechar, cerra”). Segundo recolle o dicionario da Real Academia Galega, é unha terra de labor cercada, polo xeral de pouca extensión e situada preto da casa.

Na parroquia de Vilar de Infesta encóntrase **A Chousa** que estrema coas **Cachadas** e **As Minadas** e que xa se cita no Catastro de Ensenada como unha terra de cultivo con acceso á auga.

Eido, O

O substantivo común *eido* está recollido no dicionario da Real Academia Galega como un “conxunto de terras que circundan unha casa” ou un “terreo cultivado que pode estar entre as terras que rodean unha casa ou non”.

Segundo o Nomenclátor da Xunta de Galiza son 50 os lugares que teñen no seu topónimo este nome ou derivados do mesmo, a meirande parte deles rexistrados nas comarcas do Condado, Paradanta e Vigo.

Na parroquia de Vilar de Infesta atopamos nove topónimos co lexeira *eido*: **O Eido** pertencente As Rubiás; **O Eido do Cura**, tamén coñecido como Igrexario, localizado no Camiños de Vilar tras as Preiras; xusto debaixo, enriba das Cavadiñas, atópase o **Eido Monteiro**; **O Eido de Arriba** situado no camiño Chousa entre A Quinta e A Coutada; **O Eido Macho** no Camiño Lagoa de Millarada entre O Lugar da Lagoa e a Veiga do Regueiro; **Eido Ferreiro** no Camiño das Cavadiñas entre Os Lagos e Os Navarros; e, finalmente, o **Eido Collazo** debaixo da Oliveira.

Fixón

O topónimo *Fixón* é un derivado de *foxo* (en latín FOVEU, “concavidade do terreo”). A aparición do [i] débese a unha alteración da vogal pretónica por contacto coa consoante palatal.

É posible que este topónimo se explique pola existencia dun foxo grande. Tamén se debe considerar a posibilidade de que a orixe sexa un foxo construído dedicado á caza do lobo, como sucede noutros topónimos existentes en Galiza.

No Catastro de Ensenada de 1756 aparece como terra de secano.

Foz, A

Segundo o dicionario da Real Academia Galega o substantivo feminino *foz* designa un “paso estreito entre montes, val estreito” ou ben, un “sitio onde un río entra no mar ou noutro curso de auga”.

Dado que no Catastro de Ensenada de 1756 se rexistra *Foz* como unha terra de regadío, é probable que garde máis concordancia coa segunda acepción. **A Foz** situada na Baixada dos Eidos de Vilar que limita cos Agoeiros, A Veiga do Estrepeiral, O Rabelo, O Lugar, A Oliveira e o Eido Collazo.

Grela, A

O nome *agrela* é un diminutivo de *agra* formado polo sufixo *-ela*. Este topónimo emprégase para referirse a unha extensión de terreo de cultivo de pequeno tamaño en relación coa *agra*.

Segundo sinala Gonzalo Navaza n’*A toponimia de Catoira* o a-inicial do nome *agrela* amalgama o artigo feminino *a* dando lugar ao topónimo **A Grela** pero é unha falsa segmentación á vista da súa orixe etimolóxica.

Esta formación xa se recolle no Catastro de 1756 onde se referencia “*A Grela*”, “*A Grelaña*” (reduplicación do diminutivo), e como segundo formante do topónimo “*As Coutadas da Grela*”.

Actualmente, achamos catro topónimos diferentes complementados por un sintagma preposicional que indican procedencia: **A Grela do Regueiro**, **A Grela da Poza**, **As Grelas das Pedras**, **A Grela da Figueira** e que xuntas conforman **A Grela** que estrema coa Escola dos Nenos de Vilar, Os Amieiros, A Pedra do Gran, Os Tresemiros, O Pumar e As Preiras Redondas.

Herbal, O

O substantivo *herbal* derivado do lexema *herba* pode referirse, por extensión, a un terreo que produce abundante herba ou tamén a terreos húmidos. O sufixo *-al* outorga un significado de abundancia.

Horta, A

O substantivo común *horta* provén do latín HORTUM. Referencia

unha terra próxima á casa onde se cultivan diversos legumes, verduras e hortalizas.

En Vilar de Infesta, por unha banda, encóntrase **A Horta**, xa aparecida no Catastro de Ensenada como “*Sitio da Orta*”.

Como unha localización do lugar no que se atopa xorden **As Hortas de Abaixo** no Camiño de Fixón estremando coa Veiga da Eira, das que en 1756 temos constancia da existencia das “*Ortas de Arriva*” e pola que é probable que se formara pola existencia deste modificador localizador “de arriba” co seu oposto “de abaixo”.

Lodoso, O

O adxectivo lodoso, do substantivo *lodo* (procedente do latín LUTU), denota un terreo cheo ou cuberto de lama.

Na parroquia de Vilar de Infesta **O Lodoso** son tres parcelas localizadas no Camiño do Tombo de Miguel e no Camiño da Fonte da Simona.

Millarada

Téndese a pensar que este topónimo garda relación coa palabra millo e que se pode referir a un terrero con abundancia deste cereal. En realidade a orixe é un substantivo da familia de *miliario* e de *milla* (do latín MILLIA, do numeral MILLE). Daría a forma *MILLIATORIUM. Polo tanto, refírese a unha terra medida.

Na parroquia de Vilar de Infesta, **Millarada** correspóndese cun dos seus barrios pese a que no Catastro de Ensenada (1756) só se alude a ela coma un lugar.

Minada, A

Minada é un derivado do xenérico *mina* (palabra de orixe celta MEIN incorporada dende o francés *mine*) que designa un tipo de escavación subterránea pola que se busca algún manancial.

A Minada linda coa Chousa e coas Cachadas; e, cun morfema de número plural, **As Minadas** no Camiño da Chan da Cova fronte O Sarrido e, cualificado por un complemento de nome, A Mina da Genibra.

Monte

O substantivo *monte* na toponimia garda dúas significacións diferentes. Por unha banda, pode referirse a una elevación importante do terreo que acostuma estar cuberto de vexetación como toxos, silvas, árbores etc. Por outra, relacionarse co aproveitamento agrícola das terras non cultivadas.

Na parroquia de Vilar de Infesta destacamos:

Monte dos Cutiños. O segundo formante do topónimo, *cutiño*, é un diminutivo do substantivo *coto* que se refire a un coto de pequeno tamaño ou pouco elevado, malia que tamén nalgunha ocasión alude a unha rocha illada. O substantivo do topónimo reproducése con “u” (*cutiño*), e non no esperable *cotiño*, porque na fala oral dáse unha asimilación do fonema [o] ao [i] (isto é, aproxímase o son) e produce a realización do son máis pechado [u].

Monte da Costa; lindando coa Coutada da Cachena e dividido polo Camiño de Lagoa de Millarada; **Monte do Cornedo** xa rexistrado no Catastro de Ensenada como “*Do Cornedo*” en alusión xustamente a un monte; **Monte do Chan das Pipas** enriba do Carrascal; **Monte da Pedreira;** e como segunda parte do topónimo as **Coutadas do Monte.**

Panascas, As

O substantivo *panasco* designa a herba seca, áspera e dura que pode servir de pasto para o gando. Por tanto este topónimo alude ao lugar do monte onde nace a herba de xeito natural.

En Vilar de Infesta distínguese o lugar **As Panascas**, que linda coas Zapateiras no Camiño da Misa, e o consecuente topónimo vial **Camiño das Panascas.**

Pedra, A

O substantivo *pedra* é un xenérico de uso común na toponimia e microtoponimia galega. No primeiro caso cun significado máis xenérico facendo alusión a un barrio no que hai ou houbo pedras identificamos: **A Coutada da Pedra** situado fronte As Coutadiñas polo camiño de Cabeiro e **As Grelas da Pedra** fronte O Foro, **A Pedra do Gran** no Camiño dos Amieiros.

No segundo caso sería empregado para o chamamento dunha pedra individualizada como sinónimo de pena ou penedo. Na parroquia de Vilar de Infesta atópanse **A Pedra de Vigo de Fóra**, que todo parece indicar se trate dun topónimo de recente creación.

Pedra do Medio, Pedre, Pedride e Pedrido son as referencias catastrais de 1756 actualmente en desuso.

Emporiso, tamén se emprega o substantivo *pena* (pedra de gran tamaño) como topónimo e, segundo os casos, estender o seu significado para denotar, coma no primeiro exemplo, un lugar. Xa que logo, na Parroquia de Vilar de Infesta destacan **As Penas** e **As Peniñas**, ambas referenciadas como terras de labradío no Catastro de Ensenada coa forma en singular “*A Pena*” e “*As Peniñas*”.

Pica Morena, A

Este topónimo componse de dúas partes. A primeira, *Pica*, ten raíz prerromana PICC- (punta, pico). Polo tanto, refírese a un sitio situado no alto.

A segunda parte server para distinguir *A Pica* pola súa cor, fronte a outras posibles *Picas* que houbese na zona.

No Catastro de Ensenada (1756) xa aparece referenciado como labradío.

Redondo, O

O substantivo *redondo/a* provén do adxectivo latino ROTUNDUS, derivado de RŎTA (roda). Na toponimia aplícase naquelas parcelas que teñen unha formación relativamente circular.

Na parroquia de Vilar de Infesta aparece no Catastro de Ensenada de 1756 *Redondiño* e *Redondo* como monte e labradío de secano respectivamente. Emporiso só se conserva actualmente **O Redondo**.

Regoza, A

O substantivo *regosa* referencia un barranco ou foxo. Polo tanto, este topónimo explícase pola presenza dun destes elementos.

Veiga, A

Veiga é un substantivo de orixe prerromana, compartida tamén polo portugués e español (*vega*) de significado orixinariamente hidronímico, que designa aquelas terras cultivadas situadas a carón dun curso de auga. Segundo o Nomenclátor de Galiza son 180 os lugares que teñen no seu núcleo *veiga* ou os seus derivados.

Na parroquia de Vilar de Infesta atópanse **As Veiguiñas** que estreman co aeroporto polo Camiño da Lagoa da Millarada.

A Veiga do Estrepeiral limita coa Foz e Os Agoeiros no Camiño de Fixón. O segundo formante do topónimo, **Estrepeiral**, é un derivativo colectivo formado sobre o substantivo *estripeiro* con pronunciación de [e] pretónico *tre* por asimilación ao ditongo [ei] tónico. O *estripeiro* (*Crataegus monogyna*), é unha especie de arbusto ou árbore fanerógama pertencente á familia das rosáceas. Por tanto, é espiñenta común nas fragas de Galiza, aínda que abunda en toda a Europa atlántica. Recibe tamén os nomes vulgares de *estripo*, *escambrón*, *espiño albar* ou *espiño branco*.

Outros topónimos recollidos: **Veiga da Faxarda**, situada no Camiño dos Amieiros; **A Veiga Grande** que linda co Cabo da Vella onde remata o Camiño de Rubiás; **As Veigas do Campo**, lindando co Cocho do Medio, Os Cabaleiros e A Costa do Souto no Camiño do Campo; e, finalmente, no Camiño de San Martiño **A Veiga da Eira** ou **A Veigadeira** como lexema composto e na fala oral tamén con gheada.

No Catastro de Ensenada de 1756 rexístranse, dos actualmente vivos, “*Veigadeira*” como único lexema e “*Veiga do Estrepeiral*”. Porén, alúdese a outros en desuso como son “*Das Beiguiñas*”, con grafía “b” e en referencia a un souto, e mesmo con grafía “v” “*Veiguiña*”, “*Veiga da Veiga da Cira*”, “*Veiga da Porta*”, “*Veiga de Abajo e de Abaxo*”, “*Veiga de Arriva*”, “*Veiga de Medio*”, “*Veiga do Cabo e Cavo*”, “*Veiga do Medio*”, e finalmente, “*Veiga do Regueiro*”, a meirande parte delas como terras de cultivo con acceso a auga.

Vías

Camiños

No que atinxe á toponimia viaria, o substantivo camiño é o máis empregado. A meirande parte deles fórmanse polos lugares que circundan estes pasos.

En Vilar de Infesta atopamos os seguintes camiños:

Camiño da Pedreira, Camiño de Cadeláns, Camiño de Fixón, Camiño de Rubiás, Camiño da Grela, Camiño dos Navarros, Camiño dos Amieiros, Camiño da Foz, Camiño da Lagoa, Camiño da Lata, Camiño dos Lagos, Camiño de Ulleiro, Camiño da Lagoa, Camiño das Ferráns, Camiño da Genibra, Camiño da Toneila, Camiño de Pedro Morto, Camiño de Fonte Arbelas, Camiño da Poza das Trasgueiras, Camiño do Tombo de Miguel, Camiño da Fonte Simona, Camiño das Encrucilladas, Camiño do Campo, Camiño dos Amieiros, Camiño de Mouriño, Camiño Xacobeo, Camiño das Andarizas, Camiño Vello, Camiño da Cañoteira, Camiño da do Vello, Camiño Fundo, Camiño das Cartas, Camiño das Cavadiñas, Camiño da Igrexa, Camiño das Telleiras, Camiño dos Carrizás, Camiño da Lagoa, Camiño das Panascas, Camiño do Lodoso, Camiño do Gundarisco, Camiño da Lata, Camiño dos Mangoeiros e Camiño da Fonte dos Teixugos.

Do **Camiño da Fonte dos Teixugos** tense referencia no antigo Catastro dunha terra de labradío de regadío como *Teixugos* do que probablemente deriven os microtopónimos da **Fonte dos Teixugos** e do **Camiño da Fonte dos Teixugos**.

Canteiras, As

Procede dunha antiga forma preindoeuropea *cant*, “pedra, rocha” da que derivaría *canteira*. Como é obvio, refírese ao lugar do que se extrae a pedra.

Na parroquia de Vilar de Infesta móstrase con morfema plural **As Canteiras**, onde aínda hoxe se continúa o aproveitamento da pedra.

Encrucillada, A

A **Encrucillada** na parroquia de Vilar de Infesta xa se recolle no Catastro de 1756. O substantivo feminino *encrucillada*, tal e como recolle o dicionario da Real Academia Galega, fai alusión ao lugar onde se cruzan dous ou máis camiños. A súa orixe deriva de *cruz*.

Esquina, A

Na parroquia de Vilar de Infesta atopamos o topónimo **A Esquina**, un lexema de raíz indoeuropea que alude á zona máis próxima ao punto no que se cortan dúas superficies.

Marco, O

O substantivo *marco* refírese a aquelas pedras que se poñen no chan para delimitar as propiedades dunha terra.

En Vilar de Infesta **O Marco** é a derradeira parcela que separa Mos de Redondela. O seu significado é, pois, obvio.

Sarrido, O

O substantivo *sarrieiro* ten correspondencia cun “terreo de mala calidade pola abundancia de pedras”. Deste lexema puido orixinarse o lexema *sarrido* que se manifesta na toponimia de Vilar de Infesta como **O Sarrido**. Ocupa unha ampla extensión que abarca a lonxitude do Camiño da Chan da Cova e linda co Concello de Vigo.

Hidrónimos

Agoeiros, Os

Este topónimo está relacionado coa palabra *auga*, a partir da variante *agoa* (viva no galego medieval), e formado co sufixo *-eiros*. Polo tanto, este topónimo designa un lugar onde abunda a auga.

En varios dicionarios tamén se recolle a acepción de **Agoeiros** como “pequeno cauce para regar os prados” (Leandro Carré Alvarellos, 1951)

Fonte

O substantivo común *fonte* é moi frecuente na toponimia galega. Na parroquia de Vilar de Infesta destacamos os seguintes, a excepción do primeiro, cualificados por un complemento do nome que sitúa o lugar no que se atopa:

Fonte dos Teixugos, no Camiño do Carrascal testa na Coutada do Muíño do Medio e a do Corvo; **Fonte da Milleira** que linda coas Cavadiñas e Os Navarros; **Fonte de Mourán**; **Fonte de Macarme** estrema coa do Canal e a do Pantalla; **Fonte da Simona**; **A Fonte da Lata**; **A Fonte da Transxugueira**; **Fonte de Juan do Río**; **Fonte da Estanqueira** que estrema coa Minada; **Fonte Herbedelo** linda coas de Manolito e a Lagoa Grande; **Fonte de Fandingo-Fonte de Fandi-**

ño localizada nas de Juanillo; **Fonte da Clara**; **Fonte Erbelo** testa co Corcón, O Mangeiro, A Veiga de Abaixo e o Cabo da Vella.

Fonte Arbelas aparece no Catastro de Ensenada referida a un monte nomeado como “*Arbelas*” que é probable que orixinara o nome desta fonte actual coa variante provocada polo rotacismo (paso de *l* a *r*).

O mesmo coa **Fonte do Salgueiral** onde *Salguerial* se rexistra como monte. Emporiso, tamén se fai referencia á unha “*Fonte Arcal*” que era un terreo forestal que a día de hoxe semella non ter vivacidade.

Lagoa, A

A *lagoa* é o resultado do latín LACUNAM con moita presenza na toponimia galega. **A Lagoa** e **As Lagoas** con morfema plural (situada no **Camiño da Grela**) son as únicas que se referencian no Catastro de Ensenada como “*De Lagoa*” e “*De Lagoas*”.

Cualificado por un nome destacan **A Lagoa de Pedro Morto**, **Lagoa de Mouca** e **Lagoa da Quinta**.

Cualificado por un adxectivo: **A Lagoa Grande**, que linda coas de Manolito e a Fonte Herbelo.

Así mesmo destaca a formación *lago*, rexistrado no Catastro de Ensenada como “*Do Lago*” e actualmente manifesta con morfema plural **Os Lagos** que linda co Eido Monteiro e o Eido Ferreiros. Seguramente a forma orixinaria fose en singular, como aparece no Catastro, pero por mor da partición do terrero deu nun plural que, en realidade, designa unha única realidade.

Lavadeiro

O substantivo *lavadeiro* fórmase co lexema *lavar* máis o sufixo derivativo -eiro. Malia que é unha voz viva no galego oral, segundo o galego estándar o termo máis apropiado sería *lavadoiro*.

Este substantivo designa a pedra plana á beira dun río que antigamente se usaba para lavar a roupa. Actualmente, alén dos lugares que conservan estes lavadoiros estendeu o significado á pía na que se lava a roupa nunha vivenda.

Xa que logo, na parroquia de Vilar de Infesta recóllese o microtopónimo de **Lavadeiro de Fixón** xustamente onde se localiza o río Fixón.

Lebagadas, As

O substantivo *lebagada* ou *lobagada* refírese a unha torrenteira en pendente. Ás veces son permanentes e outras só cando chove moito. Na Gudiña aparece *A Lobagada* co mesmo significado e na próxima parroquia de Chandebrito (Nigrán) tamén se recolle o topónimo *Albogada* co sentido de pequeno curso de auga.

Pozas, As

Pozo (do latín PUTEUM), ou en feminino poza, designa un lugar cóncavo cheo de auga. Son moitos os lugares na parroquia de Cabeiro que teñen o substantivo pozo/poza como lexema principal e/ou parte do topónimo:

As Pozas lindando por unha banda coas do Bravo e Pozas de Ulleiro e, por outra, dividido polo Camiño de Mouriño, As de Carreira.

Pozas de Ulleiro linda coas Pozas, As do Sastre e Os Valos.

Poza dos Amieiros tamén coñecidas como As de Guillermo, localízanse no termo Camiño dos Amieiros.

A Poza de Miguel á fin do Camiño do Tombo de Miguel lindando cos Lagos.

A Poza da Quinta, é un microtopónimo da Quinta polo que pasa o Camiño dos Amieiros.

Poza do Vello, situada entre a Finca do Vilas e As do Vello.

Poza de Cadeláns no Regueiro, unha parcela pertencente ao lugar de Cadeláns.

Poza Levada, As Pozas das Traxugueiras, Poza de Fixón, A Poza de Mourán, recollido o segundo termo do topónimo *mourán* no Catastro de 1756 como unha terra de regadío.

Rega, A

O substantivo *rega* ten dúas acepcións diferentes: alén de se referir a unha canle por onde baixa un rego de auga, tamén pode aludir a un prado con herba.

Dado que na parroquia de Vilar de Infesta o topónimo que se rexistra é **A Rega da Raposa**, no medio do Carrascal, está formado polo lexema *rega* e cualificado polo complemento do nome *raposa*, o máis probable é que fora orixinado pola segunda acepción do termo.

Regueiro, O

O substantivo *regueiro* designa, segundo o dicionario da Real Academia Galega, un curso de auga pouco abundante, menor ca o río e maior ca o regato.

Na parroquia de Vilar de Infesta **O Regueiro** pertencente ao lugar de Cadeláns.

Ríos

Os topónimos que fan referencia ás augas denomínanse hidrónimos e entre eles destaca a abundante presenza do substantivo *río* que asemade adoita constituír compostos.

No barrio da Igrexa podemos distinguir o substantivo cualificado por un nome ou por un complemento do nome: **Río A Preira** e **Río da Auga da Levada**.

A levada é un sistema de condución da auga moi típico en Galiza. Trátase dunha canle que desviaría o curso do río ou do regueiro para conducilo cara a un muíño ou a unha finca.

No caso de Vilar de Infesta parece que o desvío se dirixía a un muíño ao cal se alude no no antigo Catastro do *Río Fixón*.

Sorregos, Os

En Vilar de Infesta encontramos **Os Sorregos** referidos a uns terreos situados baixo un rego ou canle de regadío nas marxes do río.

A súa formación explícase a partir da palabra *rego* precedida da preposición *so* (do latín SUB-), co significado de “baixo de”.

Traída, A

O substantivo feminino *traída*, tal e como recolle o dicionario da Real Academia Galega, designa un “conxunto de instalacións (tubos, bombas etc.) por medio das cales se trae a auga dun lugar a outro, en particular aquelas que aseguran o abastecemento da auga potable dende un manancial ás vivendas”.

En Vilar de Infesta o topónimo distínguese unicamente por **A Traída**.

Botánicos e zoolóxicos

Amieiros, Os

O substantivo *amieiro* (*Alnus glutinosa*) é unha “árbore da familia das betuláceas, que pode acadar os vinte metros de altura, de copa moi poboada, con follas arredondadas e dentadas, flores en amento, casca de cor parda e madeira de cor clara, moi dura e lixeira”.

Rexístrase no Catastro de Ensenada como “*Amieiro*” unha terra de labradío de secano e actualmente con morfema plural **Os Amieiros**. Atópase no lugar das Cañoteiras. É posible que a forma en singular destaque algún exemplar dentro do conxunto pero que co paso do tempo foi perdendo referencialidade.

Cañoteiras, As

Cañoteira é un derivado de *canoto* ou *cañoto*, substantivo polisémico. Isto é, pode referirse ao talo ou parte do talo dalgunhas plantas, á parte central dura e carnosa dalgunhas follas, coma as verzas, á parte interior da mazaroca ou ao carozo de froitas coma as mazás.

No Catastro de 1756 referéncianse en singular “sitio da *Cañoteira*” adscrito a unha devesa e un souto; e na forma en plural “sitio das *Cañoteiras*”, indica que é dunha propiedade.

Carballo do Can, O

Este topónimo é transparente. Trátase dunha terra na cal destaca un carballo pola súa dimensión ou por outra razón que o fixese distinguible do resto. A segunda parte axuda a remarcar esa distinción.

Carrizás, Os

Por *carrizo* podemos referirnos á planta que vive en zonas húmidas ou á ave pequeniña de cor parda. No caso de Vilar de Infesta, como na maioría de exemplos da toponimia galega, refírese á primeira opción.

De acordo con isto, a orixe da palabra está no latín CARRICALEM, que nas formas máis antigas daría *Carregal*. Pola contra, de época máis próxima a nós son a formación dos colectivos *Carrizal* ou *Carriceira*.

No Catastro de Ensenada (1756) aparecen como “*das Carrizas*”, situado no lugar das Cañoteiras, presentando un xénero feminino.

Castañal, O

Castañal é un substantivo derivado do nome *castaña* que ten orixe no latín CASTANEAM e que, mediante o sufixo colectivo *-al* (do latín *-ALE*), forma *castañal* para designar un lugar poboado de castiñeiros, tamén coñecido como *souto*.

Na parroquia de Vilar de Infesta temos **O Castañal** no Camiño da Grela en chegando As de Manoliño.

Carrascal, O

O substantivo *carrasco*, *carrasca*, tal e como refire a Real Academia Galega, é un arbusto da familia das ericáceas, que pode alcanzar un metro de altura, de follas perennes e lanceoladas e flores en acio de cor púrpura, rosácea ou branca, do que existen varias especies.

É posible que a orixe da palabra *carrasco* se remonte a unha raíz preindoeuropea KARR-, conformando unha das palabras máis antigas en lingua galega.

Na parroquia de Vilar de Infesta podemos apreciar **O Carrascal**. O topónimo fórmase a partir de *carrasco* e o sufixo abundancial (*-al*). En consecuencia, un terreo onde abundan os carrascos.

Este topónimo recóllese no Catastro de Ensenada de 1756 como “*Do Carrascal*”, sinalado coma un monte.

Do mesmo xeito actualmente abarca unha ampla extensión de monte que estrema con Saxamonde, por unha banda, e co lugar da Chan das Pipas, en Vilar de Infesta, pola outra.

Estrepeiral, A Veiga de

O *estripeiro* é un arbusto espiñoso da familia das rosáceas do que existen diversas especies, cun froito semellante ao das maceiras non comestible e que mesmo se emprega para enxertalas.

O segundo elemento, *Veiga*, é unha palabra prerromana que indica terras para o cultivo e fértiles. Normalmente se sitúan ás beiras dun río.

Polo tanto, **A Veiga do Estrepeiral**, é un terreo cultivado con este arbusto. Localízase no Camiño de Fixón estremando con O Rabelo, A Foz e Os Agoeiros.

Ferráns, As

A *ferraia* ou *ferrán*, que segundo o dicionario da Real Academia galega é a forma menos recomendable, utilízase como alimento para o gando e está formado de orxo, avea ou centeo.

En Vilar de Infesta podemos achar **As Ferráns** lindando coas de Carrizás e a de Patolín.

Loureiros, Os

O substantivo *loureiro* é como se designa en galego á árbore *Laurus nobilis* que deriva do nome latino LAURARIU. É moi habitual na toponimia galega: son derredor de cen as localidades que insiren no seu topónimo este lexema. O seu emprego é debido á abundancia de loureiros na nosa flora, sobre todo en cotas baixas próximas ao mar onde as temperaturas son suaves e a humidade favorece.

Na parroquia de Vilar de Infesta podemos achar **Os Loureiros**. Xa se documenta no Catastro de Ensenada (1756) o topónimo “*Lourel*” en referencia a unha casa. Este termo plural está formado sobre a base lexical castelanizada *lourel* (en castelán *laurel*) á que se aplica a norma estándar da formación do plural do español das palabras rematadas en -l.

Moutillón, O

O substantivo *moutillón* procede da forma *mouta*, que segundo o dicionario da Real Academia Galega significa “conxunto de plantas que destacan pola súa altura respecto das que están ao redor”.

É posible que este topónimo se explique por ser empregado como un marco ou un mollón de demarcación.

Nogueiras, As

A *nogueira* (*Juglans regia*) é unha árbore da familia das xunglandáceas que ten como froito a noz. Antigamente, pese a non ser unha árbore da que houberse cuantiosas cantidades, era máis común do que o é a día de hoxe. E probablemente por este motivo de rareza son relativamente abundantes os topónimos con este lexema, sobre todo na Ría de Vigo.

Oliveira, A

A *oliveira* (*Olea europaea*) é unha árbore da familia das oleáceas que ten como froito a oliva. O topónimo de **A Oliveira** na parroquia de Vilar de Infesta xa se rexistra no Catastro de Ensenada con grafía “b” “sitio de *Olibeira*”, adscrito a unha propiedade e a unha terra de labor.

Pereiras, As / Preiras, As

Na parroquia de Vilar de Infesta atopamos o topónimo con morfema plural **As Pereiras** que linda coa Escola das Nenas de Vilar e cun cualificador complemento do nome **As Pereiras de Redondela** ou **Redondas** que estreman coa **Banda** e **As Grelas da Pedra**. Tamén aparece recollido como **As Preiras**, topónimo que se forman pola síncope da vogal pretónica “e” (fenómeno como **A Cruña** fronte **A Coruña**).

En todo caso convén ter en conta que estamos ante unha palabra homónima: palabras que se escriben iguais pero teñen distinto significado e etimoloxía. Neste caso, tanto pode aludir á árbore froiteira *pera* (do latín PIRA), como tamén un lugar cuberto de pedras (do latín PETRA). Ambos os dous lexemas *pera* e *pedra* nas palabras de-

rivadas evolucionaron ao galego como *pereira*, o aínda que tamén se emprega e se recolle para *pedra* o derivado *pedreira*, *pedreiro*.

No Catastro de Ensenada (1756) referíanse a unhas terras de labradío, “*Pereira*” e “*Da Pereira*”. Tamén aparece un lugar denominado como ***Pereiriña*** actualmente denominada como **As Preiriñas**, que se sitúan no Camiño de Fixón.

Piñeiro, O

O substantivo *piñeiro* (que designa unha árbore da familia das piñáceas), xa se rexistra como topónimo *O Piñeiro* no Catastro de Ensenada onde aludía a unhas terras de cultivo.

Cabe mencionar que antes de que se expandira esta especie (*Pinus pinaster*) polos bosques galegos pola repoboación do século XVIII, o piñeiro manso quedaba relegado a uns exemplares illados nun lugar. É por este motivo que xa se teña referencia en 1756 dun lugar nomeado **O Piñeiro** en singular.

Por outra parte convén lembrar que a forma galega é *piñeiro* fronte a *pino* malia que esta teña tamén presenza na toponimia galega (por exemplo, o Concello do Pino; ou máis cerca, en varios microtopónimos de Vigo) e na literatura galega (*Queixumes dos pinos*, de Eduardo Pondal).

Pumar, O

O substantivo *pumar* (resultado da pechazón de pomar, que é o termo aceptado pola Real Academia Galega) vén do latín tardío POMAR, variante de POMALE (“verxel”).

Os topónimos que inclúen este nome adoito servían para designar lugares nos que había maceiras ou de xeito xenérico, árbores froiteiras.

Segundo rexistra o Nomenclátor de Galiza son 50 as localidades que posúen este lexema no seu topónimo. Neste caso **O Pumar** xa se rexistra no Catastro de Ensenada de 1756 co mesmo nome “O Pumar”. *Actualmente sitúase na **Grela**, estremando coas **Grelas da Pedra**.*

Rabicho, O

A orixe deste topónimo *O Rabicho*, que linda co Toxal, explícase pola forma do terreo: estreito e longo. O motivo é a analoxía pola cal se compara cun rabo pequeno.

Seixo, O

O substantivo *seixo* refírese a unha “pedra dura de pequeno tamaño que a erosión a converteu en lisa e arredondada”. A palabra procede do latín *SAXUM* (“pedra de gran dureza”).

Na parroquia de Vilar de Infesta pódese coñecer **O Seixo**, documentado con morfema plural “*Os Seixos*” no Catastro de Ensenada, de 1756.

Souto, Costa do

O *souto* é o substantivo co que comunmente se coñece ao bosque dos castiñeiros. Así e todo, a súa orixe está no latín *SALTU* referido a un bosque mixto.

En Vilar de Infesta só aparece como segundo termo do topónimo na **Costa do Souto** que estrema coas Veigas do Campo, As Nogueiras, As Rubiás e A Veiga Grande.

Toxal, O

O *toxo* é un arbusto espiñeiro da familia das leguminosas moi abundante na flora galega e característica do noroeste da península Ibérica. A súa orixe é prerromana e foi adoptada polo latín.

En Vilar de Infesta atópase o lugar denominado como **O Toxal** que estrema co Rabicho e coas Cachadas. O sufixo *-al* determina a abundancia de toxos.

De propietarios (antropónimos)

A de, do

Os topónimos que se compoñen de *a de* (artigo + prep), *a do* (artigo + contracción de preposición + artigo) fan mención aos propietarios das parcelas ben polo seu nome, apelido, alcume, profesión, hipocorístico ou sobrenome.

En Vilar de Infesta atopamos:

A de Manolito no Camiño da Grela estrema coa Vulera, **A de Mama Perfeuta** no Galleiro. Este topónimo conta coa formación vulgar -ut- (perfeuta) do grupo culto -ct- (perfecta). **A de Redondo** no lugar da Rubiás; **A de Garatán** en Cartas estremando coas Covas; **A de Varela**; **A de Fieles**; **A de Patolín**; **A do Canal**; **A do Balado**; **A do Corvo**; **A da Pantalla**; **A da Quinta**; **A da Milleira**; **A da Cascaleira**; **As da Roxa**; **As de Luisiño**; **As do Vello**; **As do Xusto**; **As do Carolino**; **As de Guillermo**; **As de Cabaleiro**; **As de Juanillo**; **As do Bravo**; **As do Crego**; **As do Xepe**; **As de Mosqueira**; **As de Morango**; **As dos Valos**; **As do Xastre**; **As de Carreiras**.

A Casa do Baile

O substantivo *casa* é un lugar destinado á vivenda moi habitual na microtoponimia como referencia ao domicilio de propie-

tarios coñecidos. É tanto que son máis de cincocentos os seus topónimos.

En Vilar de Infesta atopamos **A Casa do Baile**, que se refire ao lugar no que se encontra a xente para bailar.

Lugar, O

O substantivo *lugar* remite, entre outras acepcións, a unha porción de espazo determinado ou tamén a un núcleo de poboación.

En Vilar de Infesta podemos atopar **O Lugar Pequeno**, **O Lugar**, **Lugar de Ulleiro**.

Así e todo, na toponimia galega adoito se emprega para facer alusión a un anaco de terreo que pertence a un propietario: **Lugar das Simonas**, **O Lugar da Chiva**, **O Lugar da Cana**, **O Lugar de Migueliño**, **O Lugar da Raposa**, **O Lugar de Doloroes da Taberna** e **O Lugar da Xaneira**. Pola súa parte, **O Lugar do Galleiro** aparece recollido no Catastro de Ensenada de 1756 como “*O Lugar do Galleiro*” informándonos que hai un monte e unha casa.

O topónimo tamén se pode referir a unha serie de terreos relativamente próximos cunhas características semellantes como pode ser en Vilar de Infesta **O Lugar da Lagoa**.

Navarros, Os

O substantivo ou adxectivo substantivado *navarro* fai referencia a unha persoa que é natural de Navarra.

Xa que logo, na parroquia de Vilar de Infesta **Os Navarros** o máis natural é que faga referencia ao xentilicio dunha familia alcumada así.

Trasemiros, Os

A orixe deste topónimo é medieval, de orixe xermánica. Trátase do antropónimo *Trasmirus*, que noutras localidades galegas deu no topónimo Trasmil. Na documentación medieval do mosteiro de Sobrado (ano 931) xa aparece recollido o nome de *Trasemiro*.

A forma en plural debeu ser posterior como resultado da partición da terra.

Tumba Lobos

É un topónimo que ofrece dúas posibles interpretacións. Unha podería designar un lugar relacionado coa caza ou coa morte do lobo. A outra podería referirse ao alcume dunha persoa.

Zapateira, A

O substantivo *zapateiro* referencia unha persoa que fai, vende ou amaña zapatos. En Vilar de Infesta atopamos un lugar nomeado como **A Zapateira** probablemente porque houbo un propietario/a que profesaba dita dedicación ou este era o seu alcume.

Outros

Cabo da Vella, O

No Catastro de Ensenada de 1756 rexístrase “*Da Cabada da Vella*” pertencente a unha devesa.

É moi probable que o topónimo en orixe fose “A Cavada Vella”, referido a un terreo gañado ao monte para o seu cultivo, como explicamos na entrada correspondente A Cavada. A designación de *vella* aludiría ou ben á súa antigüidade ou ben á existencia dunha nova cavada.

Polo cal, o topónimo **O Cabo da Vella** sería o resultado dunha alteración fonética e de recente creación, pois no Catastro xa aparecía como *Cavada*.

Cadeláns

No Catastro de Ensenada de 1756 aparece recollido como “Cadeláns” e “Cadelanes”. É posible que na orixe fora *Caldeláns*, coma un xentilicio dos naturais de Caldelas de Tui. En todo caso é un topónimo escuro que ofrece dúbidas sobre o seu significado e orixe.

Cobradas, As

No dicionario de Eligio Rivas Quintas (1978) aparece como “derrumbamiento, derrumbe en un vallado o terraplén”. Pero tamén é

posible que sexa o participio de *cobrar*, referido a un lugar aforado ou que realizaba algún tipo de pagamento.

En Vilar de Infesta xa se documenta este topónimo con morfema plural *As Cobradas* no Catastro de Ensenada de 1756 coma unha terra de labradío de secano.

Colexio, O

O substantivo *colexio* designa un edificio no que unha institución educativa, pública ou privada, exerce o ensino infantil, primario ou secundario. No Catastro de Ensenada de 1756 menciónase como “O *Colexio*” e aludía a unha terra de labradío de regadío.

Escola

O substantivo *escola* refire o establecemento público, de propiedade privada ou do Estado, onde se dá calquera tipo de ensinanzas ou, en particular, o centro de ensino primario.

Ferro do Arado

A orixe deste topónimo é escuro porque descoñecemos a motivación. O seu significado é obvio: unha pedra ou unha leira ou outra realidade que teña a forma do “ferro do arado”.

Igrexario

O substantivo *igrexario* na fala oral tamén como *igrexario* ou *igresario* provén do latín ECCLESIARIO, derivado de ECCLESIA (*igrexia*) e fai referencia a terras que son ou foron propiedade da igrexa parroquial. A este tipo de terras tamén se lles coñece como *destros*.

Mina, A

O substantivo *mina* (palabra de orixe celta MEIN incorporada dende o francés *mine*) designa un tipo de escavación subterránea pola que se busca algún manancial.

Na parroquia de Vilar de Infesta atópase **A Mina de Genibra** cualificada polo nome do que puido ser un propietario.

Muíño

O substantivo *muíño* provén do latín MOLINUM. Os muíños son uns aparellos que se empregan (ou empregaban) para moer ou triturar certos produtos coma o millo. Son parte elemental da arquitectura tradicional galega e, polo mesmo motivo, tiveron gran relevancia na vida social da xente porque era un lugar de encontros. Grazas á pegada toponímica, en moitas ocasións onde xa non permanecen os restos da construción, sabemos da existencia dos mesmos.

O único que podemos saber polo Arquivo Histórico Nacional sobre os muíños e a existencia indeterminada xa dende o século XII duns muíños: “Sentencias relativas al pleito seguido por el monasterio de Santa María de Melón y el monasterio de Santa María de Armenteira sobre la posesión de unos molinos en Redondela”.

Na parroquia de Vilar de Infesta destacan **Muíño do Carolino**, **Muíño de Canalejas**, **Muíño do Caranguexo** e **Muíño de Manolito**.

Torreiro, O

O substantivo *torreiro*, ou na fala oral tamén *turreiro*, fai referencia a un lugar popular, adoito as prazas que abren paso ás igrexas, dedicado ás festividades dos lugares, baile dos residentes etc.

Índice

- Banda: p. 7.
- Cabaleiros, Os: p. 7.
- Cachadas, As: p. 8.
- Cachenas: p. 8.
- Cavadiñas, As: p. 8.
- Campo, O: p. 8.
- Cartas: p. 9.
- Cochos, Os: p. 9.
- Costa, A / Costaneira, A: p. 10.
- Costeira, A: p. 10.
- Cotarelo / Cuturro, O : p. 10.
- Coutada, A: p. 11.
- Covas, As: p. 12.
- Chan, A: p. 12.
- Chousa, A: p. 12.
- Eido, O: p. 13.
- Fixón: p. 13.
- Foz, A: p. 14.
- Grela, A: p. 14.
- Herbal, O : : p. 14.

Horta, A: p. 14.
Lodoso, O: p. 15.
Millarada: p. 15.
Minada, A: p. 15.
Monte: p. 16.
Panascas, As: p. 16.
Pedra, Az: p. 16.
Pica Morena, A: p. 17.
Redondo, O: p. 17.
Regoza, A: p. 17.
Veiga, A: p. 18.
Camiños: p. 19.
Canteiras, As: p. 20.
Encrucillada, A: p. 20.
Esquina, A: p. 20.
Marco, O: p. 20.
Sarrido, O: p. 20.
Agoeiros, Os: p. 21.
Fonte: p. 21.
Lagoa, A: p. 22.
Lavadeiro: p. 22.
Lebagadas, As: p. 23.
Pozas, As: p. 23.
Rega, A: p. 23.
Regueiro, O: p. 24.
Ríos: p. 24.
Sorregos, Os: p. 24.
Traída, A: p. 24.
Amieiros, Os: p. 25.
Cañoteiras, As: p. 25.
Carballo do Can, O: p. 26.
Carrizás, Os: p. 26.
Castañal, O: p. 26.
Carrascal, O: p. 26.
Estrepeiral, A Veiga de : p. 27.
Ferráns, As: p. 27.

Loureiros, Os: p. 27.
Moutillón, O: p. 28.
Nogueiras, As: p. 28.
Oliveira, A: p. 28.
Pereiras, As / Preiras, As: p. 28.
Piñeiro, O: p. 29.
Pumar, O: p. 29.
Rabicho, O: p. 30.
Seixo, O: p. 30.
Souto, Costa do: p. 30.
Toxal, O: p. 30.
A de, do: p. 31.
A Casa do Baile: p. 31.
Lugar, O: p. 32.
Navarros, Os: p. 32.
Trasemiros, Os: p. 32.
Tumba Lobos: p. 33.
Zapateira, A: p. 33.
Cabo da Vella, O: p. 35.
Cadeláns: p. 35.
Cobradas, As: p. 35.
Colexio, O: p. 36.
Escola: p. 36.
Ferro do Arado: p. 36.
Igrexario: p. 36.
Mina, A: p. 36.
Muíño: p. 37.
Torreiro, O: p. 37.



CONCELLO DE
REDONDELA